

# CONCURSO DE FOTOGRAFÍA UN MUNDO DE ÁRBORES

O CPI e o Concello de San Sadurniño convocan o Concurso de Fotografía “Un mundo de árbores” para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente.

## **BASES:**

### **Participantes**

Poderán participar todos os alumnos e alumnas do CPI de San Sadurniño.

### **Categorías**

- a) Educación Infantil
- b) Educación Primaria
- c) Educación Secundaria

### **Obras**

1.Os traballos presentados serán orixinais e inéditos, é dicir, non poden ter sido difundidos previamente en ningún tipo de soporte.

2.As fotografías terán como tema as árbores e irán montadas preferentemente sobre unha cartolina negra de tamaño A4, aínda que tamén poderán ser enviadas en formato dixital ao enderezo do CPI ([cpi.sansadurnino@edu.xunta.es](mailto:cpi.sansadurnino@edu.xunta.es)) indicando no asunto “Certame de fotografía”. Incluirase tamén un folio na que figuren os seguintes datos:

- Título da fotografía.
- Lugar onde foi feita.
- Nome da árbore
- Un breve texto expositivo ou un poema sobre a árbore elixida.
- Nome, apelidos e curso do autor ou autora.

1.O autor da fotografía contará coa debida autorización das persoas que teña fotografiado.

2.O xurado poderá solicitar, se o considera oportuno, o ficheiro orixinal da imaxe.

## **Xurado**

O xurado estará constituído por dous representantes do concello e dous profesores do CPI de San Sadurniño.

## **Premios**

Concederase un premio por categoría.

## **Propiedade das fotografías**

Os participantes no concurso cederán os dereitos de exposición, publicación e difusión das fotografías, sempre e cando se cite o nome do autor destas.

## **Prazo de presentación**

O prazo de admisión de orixinais remata o 1 de xuño.